

REGULAMENTO MUNICIPAL SOBRE O VOLUNTARIADO DO CONCELLO DE AMES

Xustificación.

A partires da aprobación da Carta Magna española de 1.978, ratifícase o Estado Social e de Dereito. No seu contido garántese un funcionamento equilibrado do sistema democrático, precisando ademais para o seu desenvolvemento e continuo perfeccionamento dunha participación activa da cidadanía no seo da súa comunidade. O propio concepto de “cidadán” chega a súa máxima expresión cando os cidadáns, amais de exercer os seus dereitos, tamén cumpren coas súas obrigas sociais como as que marcan os principios da solidariedade cos membros da comunidade na que viven.

Nunha sociedade tan complexa coma a actual, unha das principais expresións da solidariedade ven dada polas actuacións do voluntariado sen menoscabo do apoio social informal. O noso interese, céntrase en destacar o efecto multiplicador daqueles actos altruístas que se levan a cabo en estruturas máis ou menos organizadas que traballan para elevar os niveis de benestar social e calidade de vida dos cidadáns. Ditas organizacións poden aplica-los seus esforzos en distintos ámbitos de intervención integrados ben en ONG’s ou na Administración Pública.

En calquera dos dous tipos de organizacións, os voluntarios, coma parte integrante das mesmas, prestan o seu apoio de cara a acadar obxectivos bosquexados e coas metodoloxías deseñadas para acadar aqueles fins. E é por isto polo que xorde a necesidade de crear un marco regulador que garanta as boas relacións que se establezan entre as organizacións e as persoas voluntarias integradas nas mesmas.

O concello de Ames, seguindo unha liña de potenciación do voluntariado social, dentro dun marco organizativo, establecendo pautas concretas entre esta Administración Pública e os voluntarios, elaborou este regulamento que recolle os principios que establece a normativa internacional que se ocupou desta materia e que se concreta en:

- Carta Europea para os voluntarios, do 18 de outubro de 1.951, ratificada polo Estado español no 1.980.

- Resolución do Parlamento Europeo sobre o voluntariado, do 16 de decembro de 1.983.
- Recomendación nº 85, do Comité de Ministros dos Estados Membros, sobre traballo voluntario en actividades de benestar social, do 21 de xuño de 1.985.
- Resolución das Nacións Unidas sobre o Día Internacional do Voluntariado, do 17 de decembro de 1.985.
- Declaración Universal sobre Voluntariado, emitida polo Congreso Mundial LIVE 90, celebrado en setembro de 1.990.

Dentro do noso propio marco lexislativo regulador, atopamos:

- O artigo 9.2 da Constitución, que impón ós poderes públicos facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida social.
- A Lei 4/1.993, de 14 de abril, de Servicios Sociais da Comunidade Autónoma Galega, no seu capítulo segundo, concretamente entre os artigos 43º e 48º, establece a necesidade de fomentar e regula-la función colaboradora do voluntariado.
- A Lei 6/1.996, do 15 de xaneiro, de voluntariado. Lei que abrangue a todo o Estado Español.
- Decreto 336/1.996, do 13 de setembro.
- Lei Galega de Voluntariado 3/2.000, do 22 de decembro. Esta lei desenvolve os ámbitos de actuación da acción voluntaria e define voluntariado coma “un dos instrumentos básicos da participación da sociedade civil no eido social”.

Dentro das competencias que exercerá en todo caso o municipio nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, está a prestación dos Servicios Sociais, recollida na Lei 7/1.985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, nos seus artigos 25.2, apartado k), e 26.1, apartado c).

O Concello de Ames, en calidade de Administración Local, dentro da súa potestade regulamentaria e de autoxestión, regula a actividade de voluntariado social dende o Departamento de Servicios Sociais de Atención Primaria Municipal.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1.- Obxectivo.

O presente regulamento ten coma obxectivo regulamenta-las relacións entre o Departamento de Servicios Sociais e aqueles veciños do municipio de Ames que manifesten a súa inquietude e o seu desexo de desenvolver unha labor de carácter voluntario no campo de Servicios Sociais deste concello. Dende a asunción do deber da Administración Pública de fomenta-la participación cidadá, xunto co compromiso de acatar tódolos requisitos e imperativos éticos e legais que este deber supón, elaborouse este Regulamento Municipal sobre Voluntariado, tentando crear unha estrutura reguladora da situación actual que posibilite, no futuro, un axeitado desenvolvemento desta participación cidadá no eido municipal.

Artigo 2.- Principios xerais.

- 1º. Recoller e canaliza-las inquietudes daqueles veciños/as de Ames que desexen realiza-las actividades voluntarias en beneficio da comunidade.
- 2º. Responsabilizar ós/ás voluntarios/as na cobertura das necesidades sociais, mediante o fomento do voluntariado, e a formación básica, específica e permanente do mesmo.
- 3º. Apoia-la solidariedade e a implicación de maneira activa dos veciños no desenvolvemento do benestar social e da calidade de vida no termo municipal de Ames.
- 4º. Fomenta-la vida asociativa no ámbito do benestar social.
- 5º. Facer fronte ás diferentes necesidades que se observen , sobre todo, o apoio a persoas que se atopen en desvantaxe social ou en risco de exclusión social.
- 6º. Previr, anticipándose ó problema e actuando sobre as diferentes situacións que produzan exclusión ou marxinação.
- 7º. Promove-lo cambio social e a redución das desigualdades.

Artigo 3. Concepto de voluntariado social.

Enténdese por traballo voluntario aquelas accións solidarias e de carácter altruísta a favor dos individuos, grupos e comunidades que ten por obxecto colaborar na consecución dos seguintes fins:

- a) Prestar atencións e servicios programados que possibiliten a mellora da calidade de vida e a participación das persoas ou grupos, especialmente

daquelas que sofren algún tipo de carencia, marxinação ou se atopan en risco de exclusión social.

b) Previr e eliminar no posible as causas que están na orixe daquelas situacións.

En ningún dos casos as funcións do voluntario/a revestirán carácter de relación laboral, mercantil ou calquera outra retribuída, nin poderá supor unha redución do emprego público.

Artigo 4. Concepto de voluntario/a.

Considérase voluntario/a social aquela persoa física que de xeito libre, altruísta e responsable realiza tarefas a favor dos demais ou de interese colectivo, no seo de entidades de acción voluntaria públicas ou privadas e democráticas, sen ánimo de lucro e sen recibir ningún tipo de contraprestación económica.

Artigo 5. Ámbito de aplicación.

1.-O presente regulamento é de aplicación á actividade de voluntariado social levado a cabo dentro dos programas do Departamento de Servizos Sociais da Concellería de Servizos Sociais do Concello de Ames.

2.-Os actos de carácter voluntario que se leven a cabo noutros ámbitos, organizativos ou non, aínda que teñan fins sociais e actúen no termo municipal de Ames, non serán considerados coma propios polo Departamento de Servizos Sociais Municipais. E, polo tanto, non estarán vinculados a este regulamento.

Artigo 6. Requisitos.

As persoas físicas que soliciten a súa incorporación coma voluntarias na organización municipal de voluntariado de Ames, deberán reunir estes requisitos:

- a) Ser maior de idade.
- b) Residir e estar empadroados no concello de Ames e excepcionalmente noutros municipios.
- c) Posuír un perfil axeitado coas tarefas encomendadas e co colectivo ou usuarios obxecto das intervencións.
- d) Garantir a necesaria aptitude psicolóxica e física en relación ás tarefas a desenvolver.

- e) Acepta-las normas establecidas neste regulamento.

Artigo 7. Áreas de actuación do voluntariado.

Entre as áreas nas que os/as voluntarios/as sociais desenvolven a súa actuación, definidas polos sectores de poboación a as súas problemáticas, atópanse:

- a) Comunidade: dinamizando o tecido social e promovendo a sensibilización social.
- b) Familia e infancia: desenvolvendo a convivencia familiar para preve-la marxinación, apoiando a escolarización dos menores para evita-lo absentismo,...
- c) Xuventude marxinada: normalizando a súa situación, percurando a súa participación en actividades que traten de impulsa-la súa promoción...
- d) Persoas con discapacidade e persoas maiores: eliminando todo tipo de discriminación, servirilles de apoio emocional, de acompañamento, axuda nas súas tarefas cotiás, dinamizando o seu tempo de lecer...
- e) Inmigrantes: facilitando a súa acollida, axudando a súa integración na sociedade, apoiando ós menores na súa integración no eido educativo,...
- f) Calquera outra área na que se poida apreciar algún tipo de carencia ou necesidade.

Artigo 8. Principios do voluntariado.

- a) O traballo realizado por todo voluntario/a terá carácter altruísta en favor da comunidade.
- b) O traballo voluntario é complementario do traballo dos profesionais dos Servicios Sociais e estará coordinado coa programación de cada servizo.
- c) En ningún caso se cubrirán postos de traballo que polas súas características sexan susceptibles de incluírse nas ofertas de emprego, con persoal voluntario.
- d) O concello de Ames orientará ó voluntario/a cara aquelas actividades máis axeitadas ás súas aptitudes de acordo coas necesidades de programación e respectando, en todo caso, a súa vontade, dentro da oferta de tarefas que se lle poida ofrecer.
- e) A relación entre o concello de Ames e o voluntario/a reflectirase nun compromiso escrito que suporá tanto a aceptación da Carta do Voluntario (dereitos e obrigas) por ámbalas partes, coma o recoñecemento da súa

exclusión con relación a un contrato de traballo ou relación mercantil ou calquera outra actividade retribuída.

f) O concello facilitará a cada voluntario unha acreditación identificativa, así como unha indumentaria axeitada que o identifique coma voluntario/a para o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 9. Dereitos do voluntario.

Os/As voluntarios/as do concello de Ames gozarán dos seguintes dereitos:

- a) A non ser discriminado nin recibir tratos diferenciados por razón de sexo, raza, relixión, condición social ou ideolóxica.
- b) A recibir orientación, apoio e a formación necesaria para levar a cabo as actividades que teña encomendadas.
- c) A realiza-lo traballo voluntario no seu entorno máis próximo.
- d) Recibi-la cobertura dun seguro de accidentes e responsabilidade civil namentres o/a voluntario/a estea realizando tarefas de voluntariado.
- e) Recibi-lo reembolso dos gastos directos que puideran xurdir co desempeño da súa actividade voluntaria. As tarifas serán as seguintes:
 - 0,17 euros/km no caso de empregar un vehículo particular.
 - Pago do/s billete/s ou entrega do mesmo, no caso de empregar un autobús ou tren.
 - 8 euros en concepto de dietas (comida) según o horario da actividade.
 - 50 euros/día se a actividade dura un día enteiro (comida e aloxamento)
- f) Responsabilizarse libremente do seu compromiso, podendo abandonalo por causas persoais ou alleas, sempre previo aviso, sen ter consecuencias negativas nin restrictivas nun futuro.
- g) Recibir certificación do secretario do concello das tarefas realizadas, do programa de participación, tempo de adicación voluntaria, formación recibida e mesmo estimación técnica do seu desempeño
- h) Estar incluído nun programa/proxecto concreto, cun responsable coma titor/director da súa actuación.
- i) Participar activamente no deseño, organización, posta en funcionamento e avaliación dos diferentes proxectos ou programas que se leven a cabo dende o voluntariado.
- j) Todos aqueles dereitos que lles sexan outorgados na lei vixente.

Artigo 10. Obrigas do/da voluntario/a para co concello de Ames

Serán obrigas das persoas voluntarias no concello de Ames as seguintes:

- a) Facer uso responsable dos recursos que a organización poña a súa disposición para o exercicio da súa actividade voluntaria.
- b) Empregar axeitadamente a acreditación e a indumentaria que o concello facilite coma integrante do corpo de voluntarios.
- c) Interrompe-la prestación voluntaria cando o concello xustificadamente o solicite.
- d) Respecta-lo dereito á intimidade e confidencialidade da información á que puidese ter acceso.
- e) Coñecer e acepta-los métodos de traballo da organización e do coordinador técnico do servicio.
- f) No caso de renuncia, comunicalo con antelación, dun mes como mínimo, para evitar prexuízos ós beneficiarios ou os demais voluntarios.
- g) Non aceptar contraprestación material por parte do beneficiario ou doutras persoas polas súas actuacións.
- h) Asistir ás sesións de formación que se convoquen.
- i) Acudir ás reunións de coordinación necesarias para o seguimento dos servicios que se desenvolvan.
- j) Actuar diligentemente cos compromisos aceptados na súa incorporación.
- k) Realizar un mínimo de 45 horas anuais de servicios voluntarios.
- l) Non volcar ningunha actitude de carácter racista, sexista ou política que poida danar á organización.
- m) Coñecer e cumprir o contido do presente regulamento.

Artigo 11. Incorporación dos/das voluntarios/as

1. A persoa interesada deberá solicitar a súa incorporación na Oficina do Voluntariado Social de Ames (O.V.A.), entrevistándose co coordinador técnico do voluntariado da área de Servicios Sociais do concello.
2. O responsable do voluntariado ofrecerá a información inicial, previa a calquera tipo de compromiso voluntario.
3. Aqueles aspirantes que decidan continuar, trala información inicial, deberán encher unha ficha de inscrición (ver anexo), así como asinar un compromiso de colaboración. Entregaráselle a Carta de Dereitos e Obrigas do voluntario (ver anexo) e o Carné do voluntario (ver anexo) que o identifica coma voluntario/a asinado por el mesmo, o alcalde e o secretario do concello de Ames. Este carné, así coma a indumentaria que poida percibir, entregárase unha vez finalice a súa labor coma voluntario. Tamén se incluírá na correspondente póliza de seguro, como marca a Lei 3/2000, de 22 de decembro, do Voluntariado de Galicia.

4. O Concello de Ames asumirá os gastos ós que poida dar lugar o exercicio da actividade do voluntario, excepto no suposto de renuncia escrita por parte deste, sen que en ningún dos casos a súa contía sexa superior ó custo real previsto, ou respostando a formas encubertas de gratificación ou salario.

Artigo 12. Recoñecemento dos servicios de voluntariado

As actuacións dos voluntarios/as deben ter todo o recoñecemento do valor social da súa contribución, podendo ser plasmado por escrito, mediante certificación do secretario do concello, que fará constar o tempo dedicado, a/s tarefa/s desenvolvidas, formación recibida e incluso valoración/estimación técnica da súa labor, referendada polo coordinador/técnico do voluntariado.

CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.

Artigo 13. Organización e relación institucional

- 1.- A Oficina do Voluntariado Social de Ames (O.V.A.), inclúese no Departamento de Servicios Sociais que depende da concellería de Servicios Sociais, dependente directamente do concello de Ames.
- 2.- Os/As Voluntarios/as dependen do coordinador/técnico do voluntariado.
- 3.- Os/As voluntarios/as agruparanse segundo unha organización formal e dependerán directamente do coordinador/técnico do programa de voluntariado, do Departamento de Servicios Sociais do concello e en último caso da Consellería de Asuntos Sociais.

Artigo 14. Coordinadores/responsables dos diferentes proxectos

A cada proxecto de carácter voluntario, asignaráselle un coordinador que será o encargado de mediar entre o grupo de voluntarios dese proxecto específico e o coordinador xeral do voluntariado, coordinar o proxecto, solicita-los medios materiais, económicos e humanos necesarios, avaliar, xunto co resto integrante do grupo o proxecto que están levando a cabo e cada certo tempo ou cando o proxecto chegue ó seu remate entregar unha memoria explicativa ó coordinador do voluntariado.

CAPÍTULO III: FORMACIÓN DO VOLUNTARIADO.

Artigo 15. Formación.

1. A formación dos/das voluntarios/as que vaian a intervir nos programas de Servicos Sociais é unha obriga que se extrae da lei vixente e un dereito dos individuos que participan.
2. O obxectivo da formación é o de dar ó/á voluntario/a os coñecementos, habilidades e destrezas necesarias para o exercicio da súa labor. Serve ademais para que os/as voluntarios/as determinen o posible campo ou tarefas a desenvolver acorde coas súas aptitudes e actitudes e é un proceso claro de autoselección.
3. As accións formativas terán un contido teórico-práctico, con metodoloxías participativas, a partir das cales todos os voluntarios/as poidan expresa-los seus puntos de vista.
4. Da mesma maneira e co obxectivo de traballa-la motivación, cohesión grupal e sentimento de pertenza dos/das voluntarios/as trazados, o Departamento de Servicos Sociais levará a cabo unha serie de accións puntuais, tales coma encontros, mesas redondas, charlas-coloquio,... e outras de carácter máis continuado que garantan o seguimento e consecución dos obxectivos trazados.

CAPÍTULO IV. TERMINACIÓN DA CONDICIÓ DE VOLUNTARIO/A

Artigo 16. Baixa definitiva

O/A voluntario/a causará baixa definitiva como voluntario/a do concello de Ames, por algún dos seguintes motivos:

- a) A petición voluntaria do interesado/a.
- b) Por falecemento
- c) Declaración dunha incapacidade que lle impida realizar os servicos encomendados.
- d) Coma cumprimento dalgunha sanción derivada pola aplicación deste regulamento.

Artigo 17. Baixa temporal.

Considérase baixa temporal aquela que teña unha duración inferior a seis meses, na que ademais se dean os seguintes supostos:

- a) A petición do interesado.
- b) Como cumprimento dalgunha sanción derivada da aplicación deste regulamento.

CAPÍTULO V. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Artigo 18. Infraccións leves.

Considéranse infraccións leves as seguintes:

- a) Non asistir de forma continuada ás sesións de formación, sen xustificación previa.
- b) Ausentarse de maneira reiterada ás reunións de coordinación, sen previa xustificación.
- c) Non presentar periodicamente ó coordinador/técnico do voluntariado os rexistros e avaliacións dos diferentes proxectos.
- d) Non realizar o mínimo de horas esixibles.
- e) Non colaborar no deseño e avaliación dos diferentes proxectos e programas.
- f) Falta de dilixencia nos compromisos aceptados á hora de incorporarse.

Artigo 19. Infraccións graves.

Considéranse infraccións graves, as seguintes:

- a) Empregar-la identificación de voluntario/ de maneira fraudulenta.
- b) Non realizar un servizo aceptado sen xustificación previa.
- c) Non respecta-los dereitos dos beneficiarios.
- d) Percibir contraprestación económica ou material polos servizos prestados de voluntariado.
- e) Emitir xuízos de valor que perxudiquen a imaxe do voluntariado en xeral e do voluntariado de Ames en particular.
- f) Non garda-la confidencialidade sobre os temas persoais dos beneficiarios.
- g) A reincidencia de infraccións leves.

Artigo 20. Reincidencia.

Prodúcese reincidencia cando o responsable da infracción foi sancionado mediante acordo firme da comisión de seguimento do voluntariado de Servicios Sociais doutra infracción da mesma ou similar natureza no prazo dun ano dende a notificación daquela.

Artigo 21. Sancións.

As infraccións establecidas nos artigos anteriores serán sancionados da seguinte maneira:

- a) Infraccións leves: amoestación.
- b) Infraccións graves: Baixa temporal ata un máximo de seis meses. Se se considera que a infracción é moi grave, o voluntario/a poderá causar baixa definitiva.

Artigo 22. Procedemento.

As accións cometidas polos voluntarios obxecto deste regulamento que se consideren infraccións ó disposto nos artigos 21 e 22, serán sancionadas polo órgano municipal competente en base ós criterios sinalados no título IX da Lei 30/1992, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, e seguíndose o procedemento previsto no R.D. 1.398/1.993.

CAPÍTULO VI. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO VOLUNTARIADO SOCIAL DE AMES.

Artigo 23. Composición.

A comisión estará formada por un representante do voluntariado, elixido polos/as voluntarios/as por un período dun ano, polos traballadores sociais do concello e polo coordinador do voluntariado, que asumirá as funcións de presidente e o seu voto será de calidade no caso de empate.

Artigo 24. Funcións.

Corresponderá a esta comisión propoñe-las sancións ó órgano que deba resolver, en función do expediente instruído ó efecto cando se produzan as infraccións establecidas nos artigos 21 e 22.

Ames, de 2002.

Don José Astray Lorenzo
O Alcalde